

Edita: Club Montañeiros Celtas.

Dirección: Marisa Núñez  
Colaboran neste número:

Xunta Directiva, Antonio Alemparte

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.

Imprime: Garpe Infografía. Depósito Legal: VG:40-1998.

Impreso en papel reciclado



Nº 110

Marzo

Editado 29/03/12

## VINDEIRAS ACTIVIDADES

	DIA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
abril	5,6,7,8	Palentinas	Montaña Palentina	S.D.Montaña/Sendeiros
	5,6,7,8	Burgos	Espeleo	S.D.Espeleoloxía
	14	Galiñeiro	Xornadas Iniciación escalada	S.D. Escalada
	15	Galiñeiro	Xornadas Iniciación escalada	S. D. Escalada
	15	Ria Pontevedra	Mergullo	S.D. subacuáticas
	22	Portugal	Foxo do Lobo –Peneda	S.D. Sendeiro
	28	Canón do Sil	Escalada	S.D. Escalada
	29	Bueu	Bueu-Cabo Udra-Bueu	S.D. Sendeiro
	29,3	Barcelos-Tui	Camiño Santiago	S.D. Bici
maio	5,6	Por determinar	XLV Operación Benxamín	S.D. Infantil
	5,6	Liméns-Cangas	Campamento Mergullo	S.D subacuáticas
	6	Portugal	Montaría	S.D. Sendeiros
	12,13	Por determinar	XLV Operación Benxamín	S.D. Infantil
	12,13	Baroña	Escalada	S.D. Escalada
	12,13		XLVII Campamento e marcha Galega	FGM- Xístra
	13	Galiñeiro	Plataforma Protección da Serra	Plataforma-
	17,18,19,20	Asturias	Picos Europa	S.D. Montaña/ Sendeiros
26,27	Por determinar	XLV Operación Benxamín	S.D. Infantil	
xuño	2	Vigo	VII Copa Galega Escalada Base	FGM- M Celtas
	2,3	Burbia	Ancares Extrem	S.D. Bici
	9,1		XXV Marcha con vivac	FGM- Trevinca
	16	Ria de Arousa	Mergullo praia de Cabío	S.D. Subacuáticas
	16	Cangas	Volta ao Morrazo	S.D. Bici
	17	Por determinar	Pequemarcha	S.D. Cultura e Medio Ambiente
	23	Faro Budiño	Escalada	S.D. Escalada
	23,24	Ferreira Pantón	Lugo	S.D. Montaña/ Sendeiro

### CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias, 78 Oficina K– 36211 Vigo.
- ♦ Apartado de Correos 1836, 36200 Vigo
- ♦ Teléfono/fax: 986 438 505
- ♦ Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)
- ♦ Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)

## ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2012

Estimados socios

A actual Xunta Directiva na reunión celebrada o día 6/2/12 acordou, ao abeiro dos nosos Estatutos e do disposto nos seus artigos 20 e 21 convocar ASEMBLEA XERAL ORDINARIA, que terá lugar o día **13 de abril de 2012**, ás 20.00 horas en primeira convocatoria, e ás 20.30 horas na segunda convocatoria, no local social situado na Avda. de Camelias núm. 78- Oficina K, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1.- Saúdo do actual equipo directivo
- 2.- Aprobación, se procede, da acta da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o día 26 de xuño 2011
- 3.- Presentación e debate de memorias de actividades do ano 2011
- 4.- Presentación e aprobación, se procede, das contas do ano 2011
- 5.- Presentación e aprobación se procede do calendario de actividades 2012.
- 6.- Presentación e aprobación, se procede do orzamento para o ano 2012
- 7.- Reforma refuxio Aloia
- 8.- Creación dunha comisión para modificación dos estatutos segundo proposta da Dirección Xeral do Deporte e co fin de adaptalo á actual Lei vixente.

- 9.- 70 Aniversario
- 10.- Propostas dos asociados

9.- Rogos e preguntas

NOTAS:- As actas da Asemblea de 26/06/2011, non será lida, e estará a disposición dos socios na oficina do Club, e /ou no Taboleiro de anuncios, a partir do día 29.03.2012 xunto coa seguinte documentación: Censo de socios con dereito a voto, Balance e Conta de resultado de o ano 2011.

### ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Segundo o disposto nos nosos Estatutos e en cumprimento do disposto no seu artigo 23.2 convócase Asemblea Xeral Extraordinaria, que unha vez rematada a Asemblea Xeral Ordinaria cun único punto na orde do día:

- 1.- Refuxio Domaio

Contamos coa vosa importante asistencia e participación nesta Asemblea.

Neste número:

Asemblea xeral	<b>1</b>
Novas Club	<b>2</b>
Infantil e xuvenil	<b>3</b>
Esquí	<b>4</b>
Montaña	<b>5</b>
Sendeiros	<b>6</b>
Escalada	<b>6</b>
Mergullo	<b>7</b>
Vindeiras Actividades	<b>8</b>

## MONTAÑA

### VINDEIRAS ACTIVIDADES

#### MONTAÑA- VINDEIRAS ACTIVIDADES PONTE DE MAIO 17- 18-19-20 PICOS EUROPA-MACIZO OCCIDENTAL

Aproveitaremos a ponte de maio para visitar o sempre apetecible Macizo Occidental de Picos de Europa  
Aloxamento: Refuxio dos Pastores de Vega de Enol (<http://www.elrefugiovegadeenol.com/>) xunto aos Lagos de Covadonga

Programa previsto

Saíremos o mércores 16 de maio ás 23 horas comezando a actividade ao día seguinte

Xoves 17 de Maio

Actividade: Refuxio dos Pastores, Vegarredonda, Las Barrastrosas, H.ou Santu e regreso polo mesmo camiño

Vernes 18 de Maio

Actividade: Dende o refuxio, El Brial, Vega de

Ariu, Picu H.ultayu, Verdilluenga, Conh.utrau, Resecu, Refuxio dos Pastores.

Sábado 19 de Maio

Actividade: Dende o refuxio irase ao Lago Enol e Ercina, Belbín, Camplengu, Picu H.ascas (regreso polo mesmo camiño)

Domingo 20 de Maio, despois do almorzo regreso e chegada a Vigo

Ademais pode haber unha alternativa de:

Travesía de 3 días

1. Día 1: Refuxio dos Pastores, Vegarredonda, Las Barrastrosas, H.ou Santu (dormida). Día 2: Caín (aprovisionamiento), Senda del Cares, Culiembu, Ostón (dormida). Día 3: Vega Maor, Picu H.ascas, Camplengu (dormida). Día 4: Belbín, Enol.

Alpinismo invernal

2. Refugio dos Pastores, Vegarredonda: Torre del Torco/Peña Santa

## SENDEIRISMO

### VINDEIRAS ACTIVIDADES

#### SENDEIRISMO POLA RIBEIRA SACRA 23-24 XUÑO

O 23 e 24 de xuño, dirixiremos os nosos pasos pola Ribeira Sacra ourensá e lucense.

O sábado 23 faremos a fermosa ruta que parte de Parada do Sil e pasando polos balcóns de Madrid, adentraremos nun souto para logo chegar a Santa Cristina de Ribas de Sil, un fermoso e ben conservado mosteiro románico. Serán uns 18 km con certo desnivel.

O día 24 faremos una ruta que sae da estrada que une Segado con Marce. Baixaremos cara o río Miño pasando pola igrexa de Santo Esteban de Atán para

logo pasar por unha aldea abandonada e máis un canastro elevado e ir cara a espectacular fervenda de Augacaida. Logo seguiremos cara ao castro da Marce e volta ao comezo pola estrada.



## ESCALADA

### VINDEIRAS ACTIVIDADES- ESCALADA

#### 14 E 15 DE ABRIL XORNADAS DE INICIACIÓN Á ESCALADA NO GALIÑEIRO

Faranse dous grupos un que irá o día 14 e outro o 15. Cada persoa que se anote se anotará segundo lle conveña.

Haberá un límite de 15 persoas por día.

As xornadas están orientadas á xente que quere experimentar por primeira vez a sensación de practicar este deporte ou que non ten moita práctica e quere aprender, repasar o aprendido e pasar un bo rato.



## INFANTIL XUVENIL

### SAÍDA CANGAS- 28 de xaneiro

O pasado sábado 28 de xaneiro a sección infantil cambiou a actividade de saída á neve que duraba unha fin de semana completa por ruta de sendeirismo na zona de Cangas, de só un día de duración. Estes cambios foron provocados porque o principal elemento: a neve, non no había e o cambiamos por un día radiante onde lucía un sol espectacular.

Saímos da Estación Marítima ás 9.30 horas da mañá. Ía bastante fresquiño, pero non por iso iamonos botar atrás. Dende Vigo partimos oito nenos e tres monitores e ao chegar ao porto de Cangas nos esperaban catro nenos máis e unha axudante de última hora.

Comezamos a camiñar polo sendeiro que rodea a costa e pouco a pouco fomos entrando en calor. Mantivemos un paso tranquilo e paramos unhas cantas veces para observar a paisaxe ou simplemente para repoñer forzas tomando froitos secos, galletas, etc.

Cando chegamos a Liméns vimos que podíamos chegar con facilidade á seguinte praia, así que comezamos a subir pola estrada, onde nos encontramos a Lourdes e despois a Emilio, xa que estabamos no seu territorio. Finalmente chegamos a unha praia completamente deserta (unha das praias de Nerga). Despois de ubicarnos Rubén ensinounos uns xogos cos que disfrutamos todos, o suficiente como para chegar famentos á hora de comer.

Mentres comiamos tivemos a compañía dun can que entusiasmou a todos, era unha estrana mistura de can salchicha con algunha outra raza e co seu fuciño olfateaba todos os bocadillos e fiambreiras, e poñendo cara tristonza

púñase diante de ti como pedindo que o invitases. Moitos caeron na tentación e déronlle.

Despois de respirar o xantar, moitos estiveron facendo siluetas na area, investigando nas rochas.. xogamos ao “pano” e algunhas variantes tradicionais. A media tarde puxémonos en marcha cara a Cangas a un paso tranquilo, pero o cansanzo xa se notaba nalgúns dos participantes.

Chegamos como ás 18.30 horas, tempo xunto para despedir aos que se quedaban alí, e ás 19.00 collemos o barco rumbo ao Porto de Vigo, levando nas nosas retinas o bonito día de praia que fixo no pleno mes de xaneiro.

A ver se na próxima temos a mesma sorte co tempo!!

Penélope



### As pequemarchas

Si?, Lemos ben? Pequemarchas? Que serán? Como ben oídes (neste caso ledos) comezan una serie de actividades para os máis cativos, e familia: As pequemarchas. Xa, mais, que son? Pequenas marchas para pais-nais-tíos... con acompañantes “miúdos”. E, a quen se lle ocorre participar neste? Pois a Duna e Simón, de un ano; a Xoel, de dous; a Yann e Violeta, de tres; a Eduardo, Xiana e Xulia, de catro; a Aitana, Iria e Laura, de cinco; a Mateo, de seis; a Altea, Lía e Santi, de sete; a Eli, de oito; a Aaruni, de nove; a John e Samuel, de once; e, por suposto aos pais-nais-tíos e a algunha avoa que “decidiron” acompañalos. Corenta e nove en total.

Así comezou esta nova actividade do club, que, se ten o éxito da primeira (e con menos éxito tamén) continuaremos organizando.

Foi o pasado 11 de marzo. Ao Morrazo. Collimos o barco a Cangas, ás 10,30h. Camiñamos polas praias (grande marea baixa) ata Moaña a ritmo agradable e con paradas técnico-culturais: no peirao de Rodeira, pasamos diante da illa dos Ratos, a depuradora (xa non) de mexillóns e praia do Canaval, onde fixemos a primeira parada para tomar algo (comer no caso dos máis pequerrechos). Paradiña para ver as vaagneritas (curiosidade xeolóxica na praia), continuar polo areal do Niño do Corvo e chegar a xantar á igrexa parroquial de Tirán (había que buscar sombra). Logo dun merecido descanso e xogos de goma (Samuel ensinounos o de chicle-máis-que chicle) e unha partida ao pañueliño, falamos da igrexa

románica de Tirán e do panteón do escritor Xosé M<sup>a</sup> Castroviejo.

Baixamos á Praia para adentrarmos no mundo escuro e das lendas (coñecer a cova da londra) onde nos introducidos provistos de cascos e iluminación (algúns reticentes entraron logo varias veces) para ver como é una furna e logo continuamos, paseniñamente a Moaña, onde logo dunha hora de parque infantil e xelado para algúns, collimos o barco das 5 da tarde para Vigo. Eso, si, con amplas sorrisas e caras de... a ver cando hai outra!!!

Próximas previstas: 17 de xuño e 2 de setembro. Atentos a [www.celtas.net!!!](http://www.celtas.net!!!)



**IV PERCORRIDO DE ESQUÍ DE MONTAÑA E RAQUETAS 18 E 19 DE FEBREIRO, ACTIVIDADE QUE ORGANIZOU O NOSO CLUB PARA A FGM**

Venres 17 de febreiro acomodámonos no refuxio da Federación en Torregarrio ( Babia Leión ) o longo das primeiras horas da noite.

Sábado 18 de febreiro, Erguémonos e tras o almorzo preparado pola Organización, e coas primeiras luces do día, saímos nos respetivos coches dirección o pobo de Torrestío, albiscando na viaxe e a medida que o día iba abrindo a importante cantidade de neve que había nas montañas. Cun día que se avanzaba como espléndido e tra-los prolegómenos de preparación e sesión de fotos ambos grupos- travesía e raquetas- dividímonos. O grupo de esquí dirixiu os seus esquís cara a Pena Redonda, cunhas espléndidas condicións de neve por cantidade e calidade. O resto do grupo , equipados con raquetas dirixiu os seus pasos cara o Morronegro, que igualmente en espléndidas condicións de neve facilitou a xeralmente complicada ascensión.

Chegamos o cumio e realizamos as consabidas fotos de rigor, gozando dunha marabillosa paisaxe e vistas sobre Babia e os cumios próximos de Ubiña e Somiedo.

Sen máis incidencias ambos grupos xuntámonos de novo en Torrestio, dende onde regresamos ao refuxio da Federación.

Para rematar a xornada Fernando, xunto cos seus

axudantes de cociña preparáronnos unha exquisita cea a base de empanadas, ensaladas e pasta, cea digna do mellor restaurante por calidade e cantidade.

Domingo, 19 de febreiro.

Erguémonos cedo e tra-lo consabido almorzo dirixímonos novamente cara a Torrestío. Dende aquí a totalidade do grupo con esquís e raquetas dirixiu os seus pasos cara o Alto da Farrapona. Pero as condicións metereolóxicas non se parecían para nada as do sábado, así que a medida que nos internabamos na montaña unha intensa néboa que se foi transformando primeiro en nevada e finalmente en xistra , fixeron que o grupo se fose disgregando con abundantes abandonos, pois as condicións de visibilidade eran realmente malas. So un grupo de intrépidos chegou ata o Alto da Farrapona, dando dende aquí final a actividade.

De volta ao refuxio e toda vez que o día non permitía outra actividade, procedemos a realizar unha comida , dando paso a continuación a un acto de entrega de trofeos e recordos os participantes na actividade. Así mesmo neste acto, realizamos unha pequena homenaxe de recordo a José Luis García Tejedor, falecido recentemente e habitual participante deste tipo de actividade.

Rematado o acto puxémonos camiño ás respectivas casas.

**A. Alemparte**



**SENDEIRO-MONTAÑA- VINDEIRAS ACTIVIDADES**

**SEMANA SANTA 2012 MONTAÑAS PALENTINAS 5-6-7-8 abril**

Esta Semana Santa imos á Montaña Palentina. Para facer un pouco de todo, sendeiros e montaña. O programa é o seguinte, aínda que pode haber algunha modificación a criterio da organización.

Aloxamento: Albergue El Alberjal: <http://www.campamentoscaracuel.com/instalaciones-cervera.html>

Sairemos o día 5 de abril ben cedo, e ao chegar estiraremos algo as pernas cun breve percorrido senderista

Inicio no pobo de Mave, percorrendo “La fábrica”, antiga fábrica de fariñas propulsada por auga, canón de “La Horadada”, e visita ó monumento xeolóxico de “Las Tuercas” para finalizar en Villaescusa de las Torres , onde nos recollerá o autobús para continuar viaxe ata “El Arbejal”, o noso albergue.

Para a realización desta actividade é necesario ter prevista de casa vestimenta adecuada de senderismo e pequena mochila coa comida do día.

Día, 6 de abril ( vernes).

MONTAÑA:

Ascensión polo “Callejo Grande “ o pico Curavacas. (2.520 m).

Ascensión de dificultade media alta, que só se permitirá a persoas federadas en montaña con experiencia e autosuficiencia en uso de piolet e crampóns en pendentes de neve dura xeo ata 45°.

SENDEIROS:

Percorrido senderista que partindo do pobo de Vidrieros, discorre paralelo o río Carrión bordeando a gran montaña do Curavacas ata a vertente norte, intentando

chegar ata o Pozo Curavacas. Dificultade media-baixa. Lonxitude percorrer a gusto dos participantes cunha lonxitude máxima de ida de 15 km. Regreso polo mesmo camiño ata o pobo de Vidrieros.

Día, 7 de abril ( sábado).

MONTAÑA:

Ascensión polo “ Corredor noroeste” ó pico Espigüete (2.450 m.) Ascensión de dificultade media-alta, ( federados e expertos).

SENDEIROS:

Percorrido senderista que partindo do aparcamento de Cardaño de Abaixo, pasa por Cardaño de Arriba ata ó Alto e Laguna de las Lomas, baixo o Pico de las Lomas- Alto de Fuentes Carrionas.

Dificultade : media. Lonxitude : 10 Km. Tempo ida : aprox. 4 h.

Día 8 de abril ( domingo).

A determinar en función de diversos factores a resolver pola Organización.

MONTAÑA:

Ascensión ó Pico Murcia. (2.341 m).

SENDEIROS:

Arroio Mazobres Sima del Anillo.

A alternativa a esta actividade sería a visita conxunta a Espacio natural de Covalagua no termo municipal de Pomar de Valdivia ( Aguilar de Campoo) e visita según posibilidades de admisión a “La Cueva de los Franceses”.

Animádesvos! Tedes toda a información, coma sempre, no Club.



ANOTARSE ÁS ACTIVIDADES



Co fin de facilitar o labor de organización das actividades que precisen a contratación de autobuses, e dado que temos o mal costume de anotarnos sempre a última hora, co problema que iso supón, queremos darvos un “revulsivo”, para que sexades máis previsores e nos facilitedes o traballo, por iso acordamos en Xunta Directiva o seguinte:

· Cando a actividade sexa de domingo, anotarse a partir do mércores da mesma semana suporá un **10% de aumento no prezo da saída.**

· Cando a actividade sexa de fin de semana ou máis, anotarse a partir do martes da mesma semana suporá un **10% no aumento no prezo do autobús.**

Tedes que entender que non é posible organizar nada se a todo o mundo se lle da por anotarse a golpe de xoves ou incluso de venres.

Contamos coa vosa colaboración



CAMBIO NO NÚMERO DE CONTA BANCARIOS

Recordámosvos que aqueles socios que paguen as súas coutas socias a través de Novagalicia banco, faciliten o novo número de conta, por teléfono ou correo electrónico, debido aos erros nos cobros dos recibos por mor dos cambios que sufriu a entidade.

STOCK DE CAMISETAS

Queremos dar saída as camisetas que quedaron en stock das diferentes campañas que se fixeron, por iso ofrecémolas agora a un prezo moi económico. Hai diferentes tallaxes e modelos que pode consultar no club

- Camisetas térmicas azuis, manga curta .....20€
- Polos vermellos, manga curta, sendeiros, adultos.....5€
- Camisetas azul escuro, seccións subacuáticas.....5€
- Camisetas de Operacións Benxamíns:.....3€
- Camisetas de asas, Campionato escalada bloque '09..... a vontade €

PEQUEMARCHAS.-

Con este título queremos iniciar unha serie de pequenas rotas ou marchas familiares: nais e pais cos rapaces ata 10 anos. Os rapaces dispoñen da sección infantil dende os 8 anos, pero para os máis cativos non tiñamos nada previsto.

Agora coas PEQUEMARCHAS, pretendemos dar cobertura a esta franxa de idade para así ir introducindo aos nosos nenos máis pequerrechos no marabilloso mundo da natureza, neste caso acompañados polos seus pais.

Queremos pasar unhas horas de boa convivencia, de coñecer e gozar (cun toque cultural) da nosa contorna coa realización de pequenas marchas (2-3 horas) adaptadas aos nosos nenos máis pequenos. Será como un adestramento, para que se vaian afacendo e despois pasen xa, eles sos, á sección infantil.

Animádevos PAIS E NENOS!!



OPERACIÓN BENXAMÍN MAIO


Un ano máis celebraremos a 45 edición da Operación Benxamín.

Pode que cambien as datas, os monitores ou os lugares de celebración, pero o espírito e o obxectivo é o mesmo de sempre, acercar e motivar aos rapaces ao mundo da montaña.

Este ano, en tres fins de semana do mes de maio (5-6, 12-13, e 26-27), faremos actividades como: sendeirismo e rutas de montaña, nos iniciaremos na escalada, aprenderemos a orientarnos, faremos xogos divertidos e tamén nocturnos, montaremos tendas de campaña, e como non: o noso tradicional concurso de cociña.


Rapaces estade atentos porque moi pronto poremos toda a información na páxina web e tamén estará á vosa disposición na secretaria do club.

Preparadevos para vivir divertidas e inolvidables experiencias na Natureza!!



ENSEADA DO REI 11 DE FEBREIRO 2012

Ría de Vigo-Cangas  
 Centro de mergullo: Buceo Islas Cíes-Alexis  
 Zona de mergullo: Enseada do Rei  
 Hora entrada: 10:35  
 Tempo inmersión: 55'  
 Profundidade max: 10,4m  
 Tª min auga 12°  
 Visibilidade+/- 10m  
 Nitidez+/-6m  
 Día soleado e moi frío, nada de vento nin de mar de fondo nin superficie  
 Xefe de equipo: Miguel Boquete Rodríguez  
 Mergulladores por Montañeiros 3: Rosa Soliño Alonso, Miguel Boquete Rodríguez, Oscar Quiñones Prado  
 Fomos literalmente os tres...día con moito frío; a Enseada do Rei é un punto de inmersión moi fácil e agradecido, resgardado de correntes e mar, fondo de area bordeando o cantil rochoso, sendo esta a mellor referencia para a inmersión...Na zona pódense aopar pintarrijas e incluso morenas...o lugar goza de gran colorido pola súa variedade de especies tanto de algas como animais...vimos polbos, chocos, mula, gobios, lábridos, tapa, e un gran banco de bogas entre outros...Rosi foi a que máis sufriu as baixas temperaturas, pero sobreviviu, tanto é así que repetiu ao día seguinte.



Xefe de equipo Iago Abilleira  
 Mergulladores por Montañeiros 4...5 en total: Miguel Boquete Rodríguez, Rosa Soliño Alonso, Gema Martínez Iglesias, Oscar Quiñones Prado....e Iago Abilleira

Unha tarde de exploración auténtica, con Iago (Delegado de arqueoloxía do FEGAS), un guía de luxo que nos fixo unha intrusión de como debeu ser o fundamento da fragata...puidemos ver como se metía no papel e escoitar como nolo contaba con gran elocuencia...segundo nos dixo era a zona de Galicia con maior concentración de canons, mas de 25..

”Fragata francesa “Hermine”. Construída en Baiona (Francia) en 1756. Medía case 35 metros de eslora e 9 de manga, cun calado de 4'7. Estaba armada con 32 canóns, 26 de a 12 libras (balas de 6 kilos) e 6 de a 4 libras (balas de 2 kilos). Tras combater contra os ingleses á altura de Fisterra, buscou refuxio na Ría de Vigo, fundíndose e tras chocar contra o baixo da Borneira en Agosto de 1761.”  
 Espectacular....

Gema tivo problemillas coas gafas e subiu á media hora...Miguel xa sabedes...e Rosi (esa Rosi !!!) por fin conseguí soltarse e disfrutar.. Tiñades que vela, ... e a mellor proba na parada..ela, .. Eu.. e auga por todas partes, gozando o momento e vendo a superficie tranquilamente.

Oscar Quiñones



CAÑONES DE PUNTA BALEA 12 DE FEBREIRO

Ría de Vigo-Cangas  
 Centro de Buceo: Atlantis-Miguel  
 Zona de mergullo: Punta Balea  
 Hora entrada: 18:00 Tempo inmersión: 52'  
 Profundidade máx: 11,3m  
 Tª min auga 12° Visibilidade +/- 10m Nitidez +/- 5m  
 Tarde soleada con nubes altas e fresco, algo de aire, algo de mar de vento...tranquilo no fondo, pero con corrente en superficie.

VINDEIRAS ACTIVIDADES

15-Abril-2012.: Temos intención de mergullar na ría de Pontevedra, en principio sería dende Bueu co Club de Buceo Ons

5-6 Maio-2012: Nesta fin de semana faremos un campamento de mergullo na praia de Limens. As instalacións do cámping da praia será a base de operacións, onde faremos charlas técnicas, bautismos e inmersións dende a praia, e unificaremos criterios de seguridade.

16-Xuño-2012: Mergullo na Ría de Arousa, dende a Praia de Cabio co Club Palmira Scuba, aproveitaremos a xornada para xantar e gozar do entorno.